cadernos da escola dramática galega

N.º 70 - Marzo, 1988 - A Coruña

Sta. Teresa, 18-baixo

Administración: XOÁN M. LÓPEZ EIRIS

Coordinador: MANUEL LOURENZO

Director: FRANCISCO PILLADO MAYOR

# PEDRO MADRUGA

## XOÁN CUVEIRO PIÑOL

*(Edición, introdución e notas de M.ª Teresa López e Xosé Maria Dobarro)*



EDICION PATROCINADA POR

## NOTÍCIA BIOGRÁFICA

Xoán Cuveiro Piñol naceu na Coruña o 28-8-1821 e morreu en Valladolid o 13-5-1906.

Desde novo militou no partido progresista e, cando se produciu o levantamento de 1846 participou nel, polo que recebeu a cruz de Valor e Constáncia.

Foi funcionário de Facenda en diferentes lugares de Galiza e do Estado. En Pontevedra, ademais do seu traballo burocrático, exerceu como libreiro —especialmente cando o cesaban os gobernos moderados— e desenvolveu unha intensa actividade xornalística, ben como redactor (*Las Musas del Lérez* (1842), *El Vocinglero. Periódico literário* (1849) —proibido no segundo número), ben como director (*El Circulador. Semanario de noticias e anuncios* (1851), *El Libre Pontevedrés. Periódico político y de intereses locales* (1854)). Asimesmo, ao longo da sua vida, foi colaborador de publicacións periódicas galegas ou foráneas.

Persoa preocupada polo idioma do país, deu ao prelo *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (1868) e o *Diccionario gallego-castellano* (1876). As suas investigacións desenvolveron-se tamén nos terreos da arqueoloxia, a numismática e a proto-história. Neste último campo subliñar a sua obra *Iberia* (1891).

No referente a criación literária en galego, ademais de *Pedro Madruga* (1897), contribuiu ao desenvolvimento da nosa literatura con vários traballos, en prosa e en verso.

Canto ao drama que nos ocupa, ten-se plantexado o problema da sua data de publicación (1878, 1887 ou 1897). Á vista do que Galo Salinas di na sua *Memoria acerca de la Dramática Gallega* (1896) —"... es acreedor á elogios el drama histórico próximo á ver la luz *Pedro Madruga* de D. Juan Cuveiro Piñol, que por una feliz casualidad he tenido la ocasión de leer ", (p. 40)— e de que a *Revista Gallega* dá acuse de recibo no número do 5-12-1897, pode-se concluir que é deste último ano.

Por outra parte, cumpre facermos unhas consideracións sobre o subtítulo da obra: "drama hestóreco". Os feitos que se dramatizan alteran alguns aspectos do que parece que foi a história real, tanto na participación dalgunhas personaxes —xa por extemporaneidade, xa por ubicación política—, como na mistura de acontecimentos cronoloxicamente distantes. Isto responde, por unha parte, ao coñecimento que desta época se tiña no momento no que escrebia Cuveiro; por outra, a que, como sinalaba Vicetto —cuxa influéncia no autor non se pode descartar—, a figura do Conde de Camiña parecia máis romanesca que histórica e, por isto, apropriada para unha história dramática de grande animación e grandes situacións. Engadamos a isto a necesidade histórico-político-literária que nesta altura habia de reivindicar un pasado glorioso onde os heróis eran xa os defensores dos intereses de Galiza. Daí a imaxe positiva que de Pedro Madruga nos oferece esta obra.

## PERSONAXES

Don Pedro Alvarez de Sotomaior[5], Conde de Camiña e Adiantado de Galicia[6].**
Don Álvaro, seu fillo.**
Inés Henríquez Monroi, sua prometida[7].**
O Conde de Altamira.** } Adiantados de Galícia.
O Siñor[8] de Andrade.** } Adiantados de Galícia.
O Mariscal Suero Gómez.** } Adiantados de Galícia.
Pedro Veloso, Rexidor de Baiona.**
O Vigairo pedáneo da freguesia de San Salvador de Soutomaor[9] (Pontevedra).**
Xan da Xesta, labrador acomodado.
Gabiel[10], seu amigo.
Váreos alferses[11], mosqueteiros, paxes, escudeiros, feirantes, e toda cras[12] de xentes dos pobos, mulleres e nenos.

A escena pasa no sigro[13] XV.



*AUTO ÚNECO.*

*(O campo da feira que se celebra o día 10 de cada mes na parróquea de San Salvador de Soutomaor. No fondo, albres[14] e ouxetos[15] própeos[16] dunha feira: trabancas* con rusquetes[17], bolos e bibidas; un carro sin bois e en riba unha pipa de viño. Ó[18] erguer-se o telón, ve-se en todo o seu fragor a feira, animada pola gaita, a cuxos chios beilan[19] unha muiñeira.)*

ESCENA 1.ª

Don Álvaro e Inés (*saindo.*)
(*Deteñen-se un pouco hastra[20] que remate o baile.*)

D. ÁLVARO: Xa che dixen, Inesiña,
máis dunha vez e de cento,
que estaria máis contento
con ver-te beilar, vidiña.
Non sei que fondo pesar
acho en ti xa hai alguns dias
nin cales malencolias[21]
che[22] poidan hoxe aqueixar[23].
Sabes que tes meu amor,
que non vivira[24] sin ver-te,
e que só por merecer-te
a vida dera e o honor.
Mais ti cal rula señeira
que non atopa seu niño
refugas, malpocadiño,
hastra asistir a esta feira.
Quixera-te mellor ver
rebuldar na foliada,
pois asi tan anoxada
fas-me moito esmorecer.

INÉS: Siñor, eu tamén o quero;
por sua mercede[25] a alma dera,
mais miña sorte é tan fera
que nada de bon espero.
Antre[26] sua mercede i[27] eu
hai un valo moi ferrudo
e este valo fai-me un ñudo[28]
que abaifalla[29] o peito meu.
Eu vilaona, vós nobre,
eu probe, vós na abondanza[30],
non é pusibre[31] a xuntanza,
nin que a pelra engarce o cobre.
Pero inda hai máis, meu Siñor:
anda tras min Xan da Xesta
que é un rapaz moito treidor.
Cate siñor de axotá-lo
pois coa envexa que lle ten
si non o escorrenta alguén
será capais[32] de matá-lo.
E esto[33], Siñor, en verdade,
é o que me causa a tristura
e torce a miña tenrura
contra unha forte vontade.

D. ÁLVARO: Deixa eses buxáns* timores
e non te coides da cras
pois con eso máis ben fas
botar de perda uns amores
que naceron con afán,
foron medrando con calma
e que reigaron[34] na ialma[35]
cal reiga o albre no chan.
Non por estar arrodeada[36]
de espiñas a branca rosa
deixa de ser garridosa[37],
deixa de ser churumada*.
Ti eres[38] a frol sin espiña
que oustenta[39] meu peito amante,
nítia[40], olurada[41] e espellante,
miña carapuxeiriña[42].
Teu bo pai, de alcuña* ven
dos Henríquez e Quirós**
que fono[43] sempre acó e en Mos**
fidalgos cos de Probén**.
Non é, pois, a diferenza
antre os dous tan alongueira[44]
que erga ningunha quimeira[45]
nin faga descomenenza[46].
Teu pai xa ves que nos deixa
soliños[47] ós dous andar,
do que eu me podo gabar
e ti non debes ter queixa,
pois, cando el deste xeito obra,
proba que está satisfeito
e que che asiste dereito
para ser miña, e che sobra.
En canto ó rapaz cermoño*,
non te lembres xa máis del,
verás sin ser eu crudel[48]
que mainiño axiña o poño.
E deixemos de garlar,
imo-nos a ve-la feira[49]
e se alcontro[50] alguén que queira
con nosoutros[51] admorsar[52].

*(Van-se.)*

ESCENA 2.ª

*(Animazón na feira. Van-se chegando váreos feirantes ó primeiro termo do escenáreo, entre eles o Vigairo, Xan da Xesta e Grabiel.)*

XAN: Xa era tempo de que a vira;
acabo de ver a Inés
ó canto do meu contráleo[53],
manteña-me Dios[54] de pé!
Non sei como me contiven;
mais ocasión toparei
pra[55] vengar-me, porque eu morro
de amores máis cada vez,
e ela, Dios me valla! doutro,
abaifando-me, vai ser!



VIGAIRO: Home non tolees, Xan,
e o que fas mira-io[56] ben,
pois non é cordo, en concéncia[57],
que por ningunha muller
fagas taes[58] falcatruadas
que che pesen, abofé;
acorda-te do refrán
en que di "que si o gallego[59]
tivera tan bo o acordo
como o trasacordo ten"...
Eu quero, en min, consellar-te
como o debo de facer,
pois xa xabes que teu pai
era un home moi de ben,
e que fomos moi amigos
dendes do[60] mesmo nacer.
Coida de non ser afouto,
que mulleres máis de cen
non che han de faltar, Xanciño,
en que poidas escoller.

XAN: Pero como esa!

VIGAIRO: Como esa,
alcontrarás inda dez...
Hoxe noso amo Don Pedro
pra recoller homes ven
dende a forte Pontevedra
que está tomada por el,
e temos que ir a esperá-lo
cos de Pazos de Probén.
É un siñor moito mañoso,
moi destro e saibido[61] é,
e nas estrúcias[62] da guerra
moi forte e sotil[63] tamén.
E cañóns da nova moda
no seu castelo xa ten,
que se cargan[64] por atrás,
de que maneira eu non sei.

GRABIEL: Por que lle chaman Madruga?

VIGAIRO: Porque a todos fai-nos[65] ver
que si anoitece en Cambados
amanece[66] logo en en Teis;
e tan pronto está na Costa,
como en San Cloio[67]**, en Ouréns,
en Santiago ou Pontevedra.

XAN: Di un refrán que eu sei moi ben:
"máis val o que Dios axuda
que non quen cedo madruga".

VIGAIRO: Pois de Don Pedro direi
que Dios o axuda sempre,
pois todo lle sai moi ben.
Tirou-nos moitas canimas*,

tanto del como do rei,
e xa hai tempo non se croban,
de orde e por mandado del,
as alsardas* dos muíños,
nas colleitas o comer*,
nin fumagas* e manleiras*,
nin os herbagos* tamén,
cos colares* e conduchos*,
serna*, péxia*, eu que sei!

XAN: Pro[68] non nos tirou a idiosa
custume[69] de, cando a pé
se rétorna pra o seu pazo,
te-lo axiña que o coller
e a cachaperna pasá-lo
no lombo dun home, a quen
a fera sorte lle toque,
ó baixar da ponte o tren.

VIGAIRO: El poucas vece-lo[70] fixo;
eu nunca o vin, abofé.

XAN: Inda seu fillo Don Álvaro
que o pasen ó lombo quer,
pois o derradeiro foi
o meu amigo Grabiel,
o que o levou nas suas costas,
i o pode dicir[71] si quer.

GRABIEL: A min dou-me[72] algunhos[73] soldos
e máis dou-me de comer
e beber canto quixera;
é todo un home de ben.

VIGAIRO: Pois este adoito[74] Don Álvaro
deixará-io tamén el,
xa veredes; son custumes
que solo queren manter
por conservar os direitos
que sigun[75] as leises[76] tein[77].

XAN: O dia que a min me toque,
xa verán o que hei faguer[78].

ESCENA 3.ª

*(Ditos, e Don Pedro cos seus alferses, e xentes de armas, que se adiantan ó escenáreo, facendo-lles logar[79] os demais.).*

D. PEDRO: Chegou por fin o desexado dia
de amostrar o que valen os gallegos,
trocando-ios de xóubios* e mategos*
en feros loitadores a purfia.
Do noso rei Henrique a negra morte
quixo cobrir de pranto e desconsolo
a pátrea Ibera, para quen tan solo
dias de sangre[80] e fogo dá-lle a sorte.
Unha filla lixítima quedou



daquel bon rei que o mundo inteiro chora,
e esta filla será nosa Siñora
Doña[81] Xuana, que o pobo xa aclamou.
Os dereitos que ten, nádia[82] llos quita,
á coroa de España, anque[83] outros vexan
que son para Isabel, a quen desexan
po-la no trono sin razón audita;
pois n'hai[84] razón pra que unha irmá suceda,
habendo filla certa, a seu irmán,
nin hai tampouco pra dar-lle a man
a quen se aparta da dereita vreda[85].
Sexan razóns de Estado ou non o sexan,
o dereito, de cote, é o dereito,
e esa custión[86] non xustifica o feito,
anque os parceales[87] outra cousa vexan.
E por máis que as ideas de Isabel
sexan grandes, que non o poño en duda[88],
de Galícia non ha de ter axuda,
porque vai co dereito e fia nel.

ALTAMIRA: Inda hai tamén quen hoxe nos quirtique
porque fomos da parte de Don Pedro,
que era o dereito; e, sin cubiza ou medro,
loitásemos en contra Don Henrique.
É verdá[89] que Don Pedro o Xusticieiro[90**],
que outros din-lle[91] Crudel, fixo trasnadas
que encheron de pavor, pro outras vegadas[92]
fixo-se respeutar[93] polo estranxeiro.
Que adiantou-se[94] ó seu sigro é cousa crara,
e por facer xustícia a todos, quixo
gardá-la a el mesmo; e por un mal que fixo,
á vergonza[95] mandou poñer sua cara.
Os gallegos non somos enfamados[96]
nin por ruins comenéncias nos vendemos,
e anque de nós se esquenzan só queremos
de todo-los[96] demais ser respeutados.

D. PEDRO: Connosco a maor parte da nobreza
por Doña Xuana está; que se escomece
a xustícia de Dios, e o que se esquece
do seu deber, que peche coa cabeza.
Os fortes pazos de Oia e Verdecidos,
Maldonados e Aldáns, aló en Morrazo;
de Pontes e outros castros, xa o colazo*
veu-nos[97] por terra, con delor[98] tollidos.
Os castelos de Pazos de Probén,
Valadares, Romais e Barragáns,
e de Lira** a forteza, polos chans
fono rousados*, e outros máis tamén.
E ti Pedro Veloso, o de Baiona,
vai a prender ó bispo Pedro Muros**
e leva-io a Fornelas**, e con duros
ferropés asigura sua presona[99],
pois si señor era de Tui e dono,
eu de Tui son amo hoxe no dia,
e non quero que nádia de min ria,

nin pense, por ser crego, que o perdono[100]
Por certo, cando foi a perguntar-me[101]
por que pirsigo a tanto bon siñor,
"porque coa casa de Soutomaor
queda bastante", dixen sin trubar-me.

VELOSO: E de San Cloio o abade maldicido[102],
de Ribadávia as ruas recorreu[103],
e cunha restra de allos se lle veu
dacabalo nun burro moi andido**.

MARISCAL: En canto ó arzobispo[104] de Santiago,
don Alonso Fonseca**, e os seus parceales,
o pago xa levano dos venales,
porque seus bens sofriron[105], moito estrago.

ANDRADE: Ouin[106] que, sobre nós, don Pedro Osório**
con dez mil homes ven, e que Guevara,
o Ladrón**, nos seus barcos desexara
que comésemos co'el[107] o de Tenório**,
mariscal Suero Gómez, Altamira
e máis eu, anque homilde.

D. PEDRO: Coidadiño
de cair na rateira; ese cariño
que demostra o Ladrón, só é coa mira
de levar-vos, con trécolas e engano,
a Biscaia, e facer que aló paguedes
o que, sigun din eles, merecedes;
co tempo e con razóns vos desengano.
Encanto ós dez mil homes dese Osório,
desfarei-nos, pois penso suprendé-los
de noite, e fuxirán como rexelos*;
veredes canto vai a ser[108] notório.
Agora marcharemos cara a Vigo,
a Redondela, Pontevedra e Caldas,
a Padrón e Santiago; e polas faldas
dos montes, con surpresa, o seu castigo
os máis treidores toparán axiña
tanto Sánchez Ulloa**, que seu uñeu[109]
co arzobispo na praia de Büeu,
como os demais que están na mente miña.
E basta xa por hoxe de magaña*,
pois temos que sair moi dilixentes
e recebir[110] de paso novas xentes.
Viva o país! Santiago e cerra España!

ESCENA 4.ª

(*Castelo de Soutomaor visto de frente. No meio, a porta principal, e pola parte de fóra, o foxo[111], siguindo unha rampla[112], e, entre esta e a porta, unha ponte leivadiza[113], que estará erguida, cerrando o castelo.*).

(*Xan da Xesta e Inés, esta sai primeiro arrecatando-se[114].*)

XAN: Por que foxes ti de min?
Que danos che fixen, nena,
pra que asina[115] noxosa



cando me ves, te manteñas?
Son algun tocho toutizo
ou quizaes[116] algunha fera,
que unha mirada de ti,
boa ou mala[117], non mereza?
Cantos máis desprezos vexo,
tanto máis o amor alenta
no meu peito delorido,
que morre con tanta pena.
Eu ben quixera deixar
amor que tan mal se emprega
e ulvidar-te para sempre;
mais non podo anque quixera.
Dendes que eras moi noviña
hastra que xa muller eras,
non deixei nunca de amar-te;
pro con degoxas[118] tan feras
que me sintira capais
de hasta o crime ir de cabeza.
Cantas veces lle pidin
á Virxe, na mesma eirexa[119],
que me tirase da ialma
tanto sofremento[120] e pena!
Pero, sin dúbida, a Virxe,
pra porbar miña enteireza,
fai que ti de min te bulres,
me despreces e aborrezas.
Anque non son coma ti
doce como a rula tenra
nin deprendin[121] coma ti
palabras tan falangueiras,
farei como o reiseñor,
que de cote á tua beira
cantarei-che noite e dia
este amor que o peito pecha.
E farei-te[122] mil misuras,
estremonias e festas,
para que alegre te amostres
e te gabes satisfeita
de que outra cal ti non hai,
nin a pode haber na terra,
que se alcontre tan amada;
e antre os dous n'habrá[123] desfeita,
pois eu serei teu escravo,
e ti serás miña reina[124].

INÉS: Ai, Xan! si ti adiviñaras,
si o que eu sofro[125] ti souberas;
si as bágoas que a rego saen,
abrasando-me as mexelas[126],
viras ti, tiveras dor
desta muller lastimeira
que nace para penar
e que xa a morte desexa.
Como a ti tamén o amor

trubou a miña alma inteira,
e anque é amor conrespondido[127]
e que del non teño queixa,
hai de por meio empusibres
que a tristura en min desperta.
Cantas veces eu deixara,
si en min somente estivera,
amor que tanto me abaifa,
amor que tan mal me senta!

XAN: Non sigas máis, que xa a raiba
no meu peito bule fera,
e máis que raiba é furore[128]
ou fogaxe que me queima.
Poidera alguantar[129] teus ódeos,
teus desdéns sofrir[130] poidera,
mais cunsentir que ames outro,
deixar a outro que te queira,
eso n'o[131] verás de min,
e vas ouir a sentenza.
Teñen-me por arroutado
a treu e mala cabeza...
Pois ben, dendes de hoxe mesmo,
anque se opoña quen queira,
meus estintos[132] bos ou malos
pondrei-nos[133], sin doer-me prenda,
eu praútica; e si me matan,
que ougalá[134] Dio-lo quixera,
mellor para min, que estou
xa de máis eiqui[135] na terra.

INÉS: Coida Xan que tes unha alma;
que do que fagas, ouserva,
tes que dar conta no ceo,
e, con refleusión[136] calmeira,
cata o que fas, non che pese,
e ó tempo o tempo deixa,
que quizaes o que hoxe ves
mal, mañán[137] ben che pareza.
Ás veces nos manda Dios
pra axustar nosa concéncia
males que taes parecen,
e son avisos que chegan,
trocando-se logo en bens
que nos consolan e alegran.
Que máis grória para ti,
ver esta muller sinxela
que non se poida gabar
de chegar ó que quixera?

XAN: Non andades sempre xuntos?

INÉS: Porque de ti se recea,
pois que eres seu contrasteiro[138]
soubo e que che[139] come a envexa.



XAN: Coas tuas garlas e meiguices
ques-me[140] far[141] pasar por besta,
e en vez de dar-me consolos
e amostrar-te lastimeira,
solo atopo en ti magañas
que a vinganza en min despertan.
Do dito non me soparo[142],
nin penses que me arrepenta[143].
Adiós Inés, pide á Virxe
que te garde e te defenda.

(*Vai-se.*)

ESCENA 5.ª

(*Ó querer sair tamén Inés pola outra banda, chega Don Álvaro con moita xente, e ó ver a Inés, dá-lle a man e leva-ia ó meio do escenáreo.*

*Don Álvaro, Inés, un paxe e Xan, volvendo.*)

D. ÁLVARO: Amigos e fidalgos, ardeleiros*
da nosa terra, da que fiou tanto
a lexítima reina Doña Xuana,
ouide as novas tristes que vos traio,
pois é un deber dar conta das tristuras,
como das alegrias enteirar-vos.
Dempois[144] que tantos feitos grandeceron[145]
o nome de Galícia, que deixaron
moito atrás as barnaxes* contra os mouros
que se rexistran xa en tempos de antano.
Dempois que o padre[146] meu, con nobre esforzo,
os virtos* someteu dos seus contráleos,
hoxe no dia con ferruda coita,
a fera sorte ten-no xa obrigado
a facer recuada, condoído,
dos logares que foron seu treato;
e non porque vincido fose nunca,
porque esto llo confesan seus contráleos,
só por non ter a unión que lles fai falta
ós fillos de Galícia en moitos casos,
e tamén por envexas e senreiras[147],
que eiqui lle teñen ós que valen algo.
Debe chegar meu pai dun dia a outro,
pois as vereas ven travesexando[148],
e a recebi-lo nós todos iremos,
como é deber de todo bon vasalo
a quen deixou, de moitas facendeiras*,
con habeléncia e con amor, ceibado.
E si inda non quitou ese dereito
de ó lombo pola ponte i-lo pasando,
non é por acambar*, nin por fachenda,
sinón por ser dereito, e conservá-lo;
anque nunca usou del, como é sabido.
Mais eu xa o tirarei, pero, entretanto,
quero ver si hai alguén que se me opoña,
ou contra min si atopo algun ousado.
(*Mirando a Xan.*)

Ó que lle toque agora a min pasar-me
para entrar no castelo dacabalo,
sentarei-no comigo á miña mesa
e farei-lle ademais alguns regalos.
A quen lle tocou hoxe?
(*A un paxe.*)

PAXE: A Xan da Xesta,
que está por pasá-lo reloucando.
"Ó señor do castelo, paso" Xan!
(*Con voz forte.*)

XAN (apte.): E ela ali está co'el, i eu eiqui atricado*!

INÉS (apte.a D. Álvaro): Siñor, non pase pola ponte agora
si a sua vida cara estima en algo.

D. ÁLVARO (idem): Dirán que son faianco*, ou, cando menos,
probe de min, que vivo escamallado*.

INÉS (idem): Rogo-llo pola Virxe soberana,
de xionllos[149], Siñor, non pase.

D. ÁLVARO: (*Con ademán emperioso.*) Vamos[150].

Dirixe-se ó castelo e toca unha buguina[151] que leva pindurada da do cinturón[152]. Ensiguida vese baixar a ponte, e presenta-se Xan, dobregando-se, e Don Álvaro amonta[153] nel. Ó chegar o meio da ponte, fai Xan un movemento de lado e guinda no foxo con Don Álvaro, a quen recollen os de dentro do castelo. Inés cai desmaiada en brazos de duas mulleres que a levan ó castelo. Os demais fuxen[154] cada un pola sua banda. Baixa-se un telón que representa o salón gótico da torre do homenaxe[155].

ESCENA 6.ª

(*Don Pedro Madruga cos seus amigos e xentes de armas que entran pola porta do meio do salón, e van colocando-se a dereita e esquerda[156]; neste lado, hai unha porta segreda[157].*)

D. PEDRO: Amigos meus, parentes e vedranos,
que desta terra sodes gardadores,
atendede o que pasa, para míngua
de Galícia e dos seus preclaros homes.
A guerra que, con tanta teima e saña,
duraba tanto, de hoxe máis termou-se[158].
Venceron por ser máis, non pola forza,
xa de Isabel as apañadas hostes.
Esquencidas serán, mais non pra sempre
as fazañas e feitos dos siñores
que esta loita rixistra; non nos pese
que delas hoxe xa nádia se acorde.
Outros tempos virán que a nosa história
xustícia nos fará, e que nos perdone.
Lástima e dor por tantos ardeleiros,
por tantos esforzados valvasores*
e tantos de poder e valemento
que morreron da loita nos fragores.
En pro e en contra todos a purfia
portaron-se cal feros españoles,
os seus estintos cada cal siguindo,



sin que a fadiga e pena lles estorbe,
sin que os combústios* medo lle[159] impuxesen,
nos castelos e pazos que lles tollen.
Diga-io o que pasou con Pedro Pardo,
o de Cela**; asegundo[160] as novas corren,
dempois que lle tolleron a Frouseira,
por treidor e enforcaron, e, sin dores,
o seu fillo tamén, fillo inocente!,
que en nada se meteu, pro nel cebou-se
como noutros, a vil, crudel venganza
que ós gallegos encheron de tirrores.

VIGAIRO: Conte, Siñor, o que pasou na vila
de Pontevedra, cando polos homes
de sua mercede estaba ben gardada

D. PEDRO: Pontevedra, que alguns pensan chamou-se[161]
Helenes**, sin ter datos[162] que o afinquen,
mais que foi polos grecos feita forte,
apelidou-se sempre a gran Pons Vetus**,
de que dan conta as crónecas millones;
pois a palabra "helenes", só quer dir[163],
dos grecos fondazón de vila ou torre,
e tan poido ser quizaes Goián,
como tamén con máis razón o Grove,
anque pra min Goián era a Helenes,
pois antes de ser vila, foi un forte
que os romanos fixeron coas froumadas*,
un pobo inteiro, dando-lle seu nome.
Tamén foi a dita vila nomeada
Pons Veteris** e máis Ad Duos Pontes**,
pero de moi antano o de Pons Vetus,
é de siguro solasmente[164] o nome.
Outros dempois puxeron-lle Boa Vila,
porque dela saíron grandes homes,
como Charino** e os máis, e polas artes
e comerzo[165] dos anos antiriores;
polo grémio tamén de mareantes,
que fixo non houbese ningun probe,
pois da Moureira** a axérquia* era chamada
empóreo de Galícia en todo o orbe.
A vila defendia a Doña Xuana;
duns e doutros se viron moitas mortes,
delas presonas grandes e notabres,
cal Tristán Montenegro**, un dos máis nobres.
Con denódeo[166] achantamos, pro foi tanta
a xente que truieron[167], tan de cote
a rubida[168] ós adarves das aceifas*,
os falconetes* tantos que na ponte
axuntaron en contra do castelo
e en contra das almeas e dos fortes,
os sacres* e mosquetes en tal númaro,
que é empusibre axeitar tantos hourrores[169]
e houbemos de tesar*, pero con honra,
saindo-me eu enxebre, xa de noite,
polo canle[170] que vai de San Francisco

a Santa Clara**, círcio, e inda máis lonxe
deixando a Vila moi remagarido*,
que pra Isabel quedou dendes de entonces[171];
e con esto acabou-se a crua guerra.
Tamén o feudalismo xa acabou-se[172],
que si males causou polas rabechas,
senreiras e teimadas[173] dos siñores,
en cámbeo tamén truio benifícios
que han de ver-se na pátria dendes de hoxe.

VIGAIRO: Quixéramos, Siñor, saber decerto
que pasará con tan veidoso troque.

D. PEDRO: Cada época tivo as suas ventaxas[174],
anque os sucesos a outra cousa a forcen,
e o feudalismo en meio da barbárie
logrou conter a todos co'algun orde[175],
consiguindo impoñer-se de cotio,
xa insiñando[176] a loitar á xente xoven,
xa porpagando a fe do cristianismo,
que pra moito sirviu, anque non fose
máis que pra pór un valo nas concéncias,
que antre uns e outros enxebre conservou-se.
Doña Isabel, co estinto tan fiteiro*
que lle deu Dios, á sua grande Corte,
valendo-se das loitas tan teimeiras[177],
chamará a[178] todos para que se acorden
que hai unha pátrea sola, e afincando
a pulítica unión, daquesta sorte
a todos xuntará pra que se acaben
tantas desdichas[179] que ó país conroen[180].
Adiós meu fillo, adiós tamén a todos,
que eu xa non podo máis con tantos dores[181],
e para os meus estados de Camiña,
expatreado, sin remédeo, vou-me.

VIGAIRO: E diga-nos, Siñor, farán-nos dano
ós que eiqui nos quedamos, pola sorte
de andar con sua mercede nas liarazas?

D. PEDRO: Nin a reina Isabel, nin os seus homes
paran mentes en cousas tan cativas,
e saben demasiado que estas hostes
era de oubrigazón[182] siguir prestando
os sirvizos que mandan seus siñores.
Adiós, meus fillo, (*Bica-io.*) adiós; deprende agora
a ser xusto con todos; que desfroten
dos seus dereitos igoalmente todos,
e renonciando sempre ós que che toquen
non te verás no aperto en que te viche
por ufanezas[163] e fachendas torpes. (*Quer-ser ir.*)

D. ÁLVARO: Mire, Siñor, deteña-se un pouquiño
pra que un favor, o derradeiro, outorgue.

D. PEDRO: Que favor?



Don Álvaro abre a porta segreda do salón, e saca a Inés, que sae[184] co veo de despousada[185], sigun aqueles tempos, e poñen-se entrambos de xionllos, diante Don Pedro.

D. ÁLVARO: Que a sua santa bendizón[186]
a estos[187] dous curazóns, seu pai lles bote.

(*Bendice-os Don Pedro, ergue-os, e cai o telón.*)

## NOTAS

(1) hestóreco. *histórico* (tamén váreos. *vários*, dereita. *direita*, venganza. *vinganza*....)
(2) auto. *acto* (tamén práutica. *práctica*)
(3) coadros. *cadros*.
(4) Xan. *Xoán*.
(5) Sotomaior. *Soutomaior*.
(6) Galícia. *Galiza* (tamén xustícia. *xustiza*).
(7) sua prometida. *a sua prometida*. É moi frecuente a ausência do artigo ante o adxectivo posesivo.
(8) Siñor. *Señor* (tamén bibidas. *bebidas*, sin. *sen*, si. *se*, ningun(ha). *nengun(ha)*, pidin. *pedin*, millores. *mellores*, Rexidor. *Rexedor*...)
(9) Soutomaor. *Soutomaior* (tamén maor. *maior*)
(10) Grabiel. *Gabriel* (tamén pelra. *perla*, *pérola*, quirtique. *critique*, treatro. *teatro*...)
(11) alferses. *alferes(os)*.
(12) cras. *clase* (tamén crara. *clara*, gória. *glória*).
(13) sigro. *século*.
(14) albres. *árbores* (feminino).
(15) ouxetos. *obxectos* (tamén ouserva. *observa*).
(16) própeos. *próprios*.
(17) rusquetes. *rosquetes*, *rosquillas* (tamén purfia. *porfia*, cubiza. *cobiza*, ulvidar. *olvidar*...)
(18) ó. *aos* (tamén ós. *aos*)
(19) beilan. *bailan* (tamén treidor. *traidor*, veidoso. *vaidoso*).
(20) hastra. *até* (tamén hasta. *até*).
(21) malencolias. *melancolias*.
(22) che. *te*.
(23) aqueixar. *aflixir*, *magoar*.
(24) vivira. *vivese*, *viveria*. É frecuente o uso das formas en '-ra' como imperfeitos de subxuntivo.
(25) mercede. *mercé*.
(26) antre, *entre*.
(27) i. *o*.
(28) ñudo. *nó*.
(29) abaifalla. *abafalla*, *abafa* (tamén abaifando-me. *abafando-me*)
(30) abondanza. *abundáncia*.
(31) pusibre. *posíbel* (tamén empusibres. *imposíbeis*, notabres. *notábeis*).
(32) capais. *capaz*.
(33) esto. *isto* (tamén eso. *iso*)
(34) reigaron. *arreigaron*.
(35) na ialma. *na alma*.
(36) arrodear. *rodear*.
(37) garridosa. *garrida*.
(38) eres. *és*.
(39) oustenta. *ostenta*.
(40) nítia. *nítida*, *nídia*.
(41) olurada. *olorosa*, *aromática*.
(42) carapuxeiriña. *carapucheiriña*, *queridiña*.
(43) fono. *foron* (tamén levano. *levaron*).
(44) alongueira. *longa*.
(45) quimeira. *quimera*.
(46) descomenenza. *inconveniéncia*.
(47) soliños. *soíños* (tamén solo. *só*, solą, *soa*)
(48) crudel. *cruel*.
(49) imo-nos a ve-la feira. *imo-nos ver a feira* (tamén ir a esperá-lo. *ir esperá-lo*).
(50) alcontro. *encontro*.
(51) con nosoutros. *connosco*.
(52) admorsar. *almorzar*.
(53) contráleo. *contrário*.
(54) Dios. *Deus* (tamén adiós. *adeus*)
(55) pra. *para*.
(56) mira-io. *mira-o* (deixará-io. *deixará-o*, trocando-ios, *trocando-os*, leva-io. *leva-o*...)
(57) concéncia. *conciéncia*.
(58) taes. *tais*, *tales*.
(59) gallego. *galego*.
(60) dendes do. *desde o*.
(61) saibido. *sabido*.
(62) estrúcias. *astúcias*.
(63) sotil. *subtil*.
(64) cargan. *carregan*.
(65) porque... fai-nos. *porque... nos fai*.
(66) Cloio. *Clódio*.
(67) pro. *pero*.
(68) idiosa custume. *odioso costume*.
(70) vece-lo fixo. *veces o fixo*.
(71) dicir. *dicer*.
(72) dou-me. *deu-me*.
(73) algunhos. *alguns*.

(74) adoito. *costume.*
(75) sigun. *segundo.*
(76) leises. *leis.*
(77) tein. *tén, teñen.*
(78) faguer. *facer.*
(79) logar. *lugar* (tamén homilde. *humilde*, fondazón. *fundazón*, desfroten. *desfruten*...).
(80) sangre. *sangue.*
(81) Doña. *Dona.*
(82) nádia. *ninguén.*
(83) anque. *ainda que.*
(84) n'hai. *non hai.*
(85) vreda. *verea.*
(86) custión. *cuestión.*
(87) parceales. *parciais* (tamén venales. *venais*, españoles. *españois*).
(88) duda. *dúbida.*
(89) verdá. *verdade.*
(90) Xusticieiro. *Xusticeiro* (tamén xustícia. *xustiza*).
(91) que outros din-lle. *que outros lle din.*
(92) vegadas. *veces.*
(93) respeutar. *respeitar* (tamén respeutados. *respeitados*).
(94) Que adiantou-se. *Que se adiantou.*
(95) vergonza. *vergoña.*
(96) todo-los. *todos os.*
(97) xa o colazo veu-nos. *xa o colazo os viu.*
(98) delor. *dor.*
(99) presona. *persoa.*
(100) perdono. *perdoo.*
(101) foi a perguntar-me. *foi perguntar-me.*
(102) maldicido. *maldito.*
(103) recorreu. *percorreu.*
(104) arzobispo. *arcebispo.*
(105) sofriron. *sofreron.*
(106) Ouin. *Ouvin* (tamén ouir. *ouvir*, ouide. *ouvide*).
(107) co'el. *con el.*
(108) vai a ser. *vai ser.*
(109) uñeu. *uniu.*
(110) recebir. *receber.*
(111) foxo. foso.
(112) rampla. *rampa.*
(113) leivadiza. *levadiza.*
(114) arrecatando-se. *recatando-se.*
(115) asina. *axiña.*
(116) quizaes. *quizais.*
(117) mala. *má* (tamén malos. *maos*).
(118) degoxas. *degoxos, devezos, desexos.*
(119) eirexa. *igrexa.*
(120) sofremento. *sofrimento* (tamén movemento. *movimento*, valemento. *valimento*).
(121) derprendin. *aprendin.*
(122) farei-te. *farei-che.*
(123) n'habrá. *non haberá.*
(124) reina. *raíña.*
(125) sofro. *sufro.*
(126) mexelas. *meixelas.*
(127) conrespondido. *correspondido.*
(128) furore. *furor.*
(129) alguantar. *aguantar, aturar.*
(130) sofrir. *sofrer.*
(131) n'o. *non o.*
(132) estintos. *instintos.*
(133) pondrei-nos. *porei-nos.*
(134) ougalá. *oxalá.*
(135) eiqui. *aqui.*
(136) refleusión. *reflexión.*
(137) mañán. *mañá.*
(138) contrasteiro. *contrário.*
(139) che. *te.*
(140) ques-me. *queres-me.*
(141) far. *facer.*
(142) soparo. *separo.*
(143) arrepenta. *arrependa.*
(144) Dempois. *Despois.*
(145) grandeceron. *engrandeceron.*
(146) padre. *pai.*
(147) senreiras. *xenreiras.*
(148) travesexando. *atravesando.*
(149) xionllos. *xeollos.*



(150) vamos. *Imos.*
(151) buguina. *Bucina.*
(152) cinturón. *Cinto.*
(153) amonta. *Monta.*
(154) fuxen. *Foxen.*
(155) do homenaxe. *da homenaxe.*
(156) ezquerda. *esquerda.*
(157) segreda. *secreta.*
(158) termou-se. *terminou-se.*
(159) lle. *lles.*
(160) asegundo. *segundo.*
(161) que... chamou-se. *que se chamou.*
(162) datos. *dados.*
(163) dir. *dicer.*
(164) solasmente. *somente.*
(165) comerzo. *comércio.*
(166) denódeo. *denodo.*
(167) truieron. *trouxeron (tamén truio. trouxo).*
(168) rubida. *subida.*
(169) hourrores. *horrores.*
(170) polo canle. *pola canle.*
(171) estonces. *entón.*
(172) xa acabou-se. *xa (se) acabou.*
(173) teimadas. *teimas.*
(174) ventaxas. *avantaxes.*
(175) co'algun orde. *con algunha orde.*
(176) insiñando. *ensinando.*
(177) teimeiras. *teimosas.*
(178) chamará a. *chamará por.*
(179) desdichas. *desditas.*
(180) conroen. *corroen.*
(181) tantos dores. *tantas dores.*
(182) oubrigazón. *obrigazón.*
(183) ufanezas. *ufanias.*
(184) sae. *sai.*
(185) despousada. *desposada.*
(186) bendizón. *benzón.*
(187) estos. *estes.*

* *trabancas:* mesas formadas sobre cabaletes, con táboas ou un tabuleiro, utilizadas nas romarias para vender cousas de comer (segundo o *Dicionário* de Cuveiro Piñol).
* *buxáns:* vacios, ocos.
* *churumada:* olorosa, aromática (CP).
* *alcuña:* liñaxe (voz antiga, segundo CP).
* *cermoño:* testán, teimudo (CP).
* *canimas:* repartimentos de contribuición (CP, s.v. CAÑAMA).
* *alsardas:* dereitos sobre as augas dos muiños (voz antiga, segundo CP).
* *comer:* pensión ou foro que os vasalos pagaban ao rei, bispo ou señor.
* *fumagas:* tributos por cada fume ou lar (voz antiga, segundo CP).
* *manleiras:* tributos que se recollian de casa en casa ou de man en man (voz antiga, segundo CP).
* *herbagos:* dereitos que se pagaban polos pastos (voz antiga, segundo CP, s.v. HERBADGO).
* *colares:* dereitos ou tributos que se pagaban dos produtos das terras. Probábel hipergaleguismo de COLLAR ou COLLER.
* *conduchos:* comestíbeis que pedían os señores ao seus colonos ou vasalos (CP). Españolismo.
* *serna:* tributo que obrigaba a labrar a terra para o señor (voz antiga, segundo CP).
* *péxia:* imposto ou tributo sobre o viño (voz antiga segundo CP, s.v. PEGIAS).
* *xoubios:* fracos (CP).
* *mategos:* matalotes (CP).
* *enfamados:* famentos. Probábel alteración de AFAMADOS a + fame.
* *colazo:* colono (voz antiga, segundo CP).
* *rousados:* arrastados (CP, s.v. ARROUSAR).
* *andido:* moi fraco (CP).
* *rexelos:* años (CP).
* *magaña:* ardil, astúcia (CP). Españolismo.
* *ardeleiros:* defensores (voz antiga, segundo CP).
* *barnaxes:* fazañas (voz antiga, segundo CP).
* *virtos:* exércitos, hostes (voz antiga, segundo CP).
* *facendeiras:* foros ou pensións que paga ao señorio o traballador dunha herdade ou facenda.
* *acambar:* oprimir (CP).
* *atricado:* incomodado (CP, s.v. ATRICAR).
* *faianco:* pusilánime (CP, s.v. FAIANCA).
* *escamallado:* desconfiado. Variante de ESCAMADO.
* *valvasores:* fidalgos (voz antiga, segundo CP).
* *combústios:* incéndios (CP, s.v. COMBUSTO —voz antiga—; abrasado, queimado).
* *froumadas:* variante de FROUMA: ramaxe, follaxe.
* *axérquia:* arrabaldo (voz antiga, segundo CP).

* *aceifas:* hostes, exércitos (voz antiga, segundo CP).
* *falconetes:* espécie de colubrinas que usaba a artillaria.
* *sacres:* espécie de colubrinas (voz antiga, segundo CP).
* *tesar:* retroceder (CP).
* *remagarido:* apesarado, triste (CP).
* *fiteiro:* certeiro (CP).

** *Don Pedro Álvarez de Soutomaior*
O Conde de Camiña, coñecido por Pedro Madruga, era fillo bastardo de Fernán Iáñez de Soutomaior e herdou os direitos nobiliários da Casa de Soutomaior á morte sen descendéncia do seu irmán Álvaro Paez. Tivo unha participación moi activa nas loitas da segunda metade do século XV, tanto na represión da segunda revolta irmandiña como na defensa dos direitos de Xoana a Beltranexa ao trono de Castela. Aliado do rei portugués Afonso V, foi desposuído dos seus bens por seu fillo Álvaro. Morreu en 1486 en Alba de Tormes, de forma non ben coñecida.

** *Don Álvaro*
Fillo primoxénito de Pedro Madruga e da nobre portuguesa Teresa de Tábora. Co apoio dos Reis Católicos apropriou-se do castelo de Soutomaior na auséncia de seu pai. Apesar de que este o deserdou testamentariamente, foi o seu sucesor. Morreu en Valladolid dunha estocada intentando apaciguar unha pelexa.

** *Inés Henríquez Monroi*
Filla de Hernando de Monroi e Soutomaior, o Xigante, Señor de Belvis e de Catalina Henríquez de Herrera. Casou con Álvaro en 1491 e con el tivo catro fillos. Morreu a mans de tres peóns de seu fillo primoxénito, Pedro, polo litíxio da casa de Fornelos.

** *Conde de Altamira*
Probabelmente se trate do primeiro Conde de Altamira, Lope Sánchez de Ulloa e Moscoso, aliado de Pedro Madruga nas loitas contra os Irmandiños e inimigo da política centralista dos Reis Católicos. Logo loitaria contra o Conde de Camiña.

** *Señor de Andrade*
Posibelmente sexa Diego de Andrade, que xogou un destacado papel nas loitas nobiliárias do XV. Historicamente apoiou a Isabel I, axudando á escuadra de Ladrón de Guevara.

** *Suero Gómez (de Soutomaior)*
Pontevedrés que morreu en 1490 e está enterrado en Santo Domingo. Participou no asédio de Pontevedra con Fonseca, Montenegro e Pardo de Cela.

** *Pedro Veloso*
Rexedor de Baiona, fixo prisioneiro, por segunda vez e por orde de Camiña, a Diego Muros, o bispo de Tui, en 1485.

** *San Salvador de Soutomaior*
Unha das dua parróquias do concello do mesmo nome, onde está situado o castelo que pertenceu a Pedro Madruga.

** *Quirós*
Casa nobre galega de orixe asturiana.

** *Mos*
Municipio da provincia de Pontevedra.

** *Probén*
Refere-se á família Pazos de Probén, família nobre oriunda de Cotobade.

** *San Clodio*
Mosteiro cisterciense de San Cloio do Ribeiro, no municipio ourensano de Leiro.

** *Don Pedro*
Pedro I de Castela, apoiado como rei por grande parte da nobreza galega, defensora de causa lexitimista.

** *Don Henrique*
Henrique II de Trastámara, rei de Castela tras a derrota e morte de Don Pedro en Montiel.

** *Oia... Lira*
Casas fortes e territórios pertencentes a diversas famílias galegas defensoras da causa de Isabel.

** *Pedro Muros*
Ten-se que referir a Diego I de Muros, mercedário que foi bispo de Tui. Pedro Madruga tivo-o captivo por duas veces. Á segunda é á que se fai referéncia.

** *Fornelas*
Sen dúbida, o castelo de Fornelos, no municipio de Crecente, que pertenceu á familia do mesmo nome e logo aos Soutomaior.

** *Abade de San Cloio*
Episódio relatado por Vasco de Aponte como acontecido pouco despois de tomar posesión da casa de Soutomaior Pedro Madruga.

** *Alonso Fonseca*
Alonso II de Fonseca, arcebispo de Santiago, que apoiou a Isabel I. Conquistou Pontevedra aproveitando a auséncia de Camiña. Conquistou-lle logo outras terras até que conseguiu que abandonase as suas últimas posesións de Salvaterra.



** *Pedro Osório*
Nobre de tipo médio, foi un dos xefes militares dos Irmandiños e derrotou-no Pedro Madruga.

** *Guevara, o Ladrón*
Xeneral da Armada que colaborou co arcebispo Fonseca na conquista de Baiona ao monarca lusitano, aliado de Pedr Madruga.

** *Tenório*
Gregório Tenório Godoi, morto na defensa do castelo do mesmo nome contra Camiña.

** *(Sancho) Sánchez Ulloa*
Primeiro Conde de Monterrei, un dos máis significados nobres na defensa de Isabel.

** *Pedro Pardo, o de Cela*
Morto en Mondoñedo en 1483, despois da destruición da Frouseira (1481 ?), a sua fortaleza. Historicamente defendeu Isabel.

** *Helenes*
Denominación que parecen dar a Pontevedra Estrabón, Pompeio e Plínio. De ser asi, seria unha cidade grega fundada po Teucro.

** *Pons Vetus*
Étimo latino do que se deriva o nome actual (PONTEM VETERAM - Pontevedra).

** *Ad Duos Pontes*
Nome que aparece no *Itinerário* de Antonino posibelmente referido a Ponteveda. A segunda ponte seria a Ponte Sampaio.

** *Charino*
O Almirante Maior Paio Gómez Charino de Soutomaior, o célebre trovador medieval.

** *Moureira*
Parte de Pontevedra, contígua á ria, antigamente fóra das murallas. Era a vila dos mariñeiros.

** *Tristán Montenegro*
Servidor dos Reis Católicos, loitou e derrotou várias veces ao Conde de Camiña. Morreu na loita contra este durante a de fensa de Pontevedra de 1479.

** *San Francisco e Santa Clara*
Igrexas de tipo mendicante, construída a primeira nos séculos XIII e XV e a segunda, no XIV.

Portada: X.A. Bartolomé

Dep. Legal: C-280/88

grafiga Avda. Peruleiro, 20 Telf. 25 03 08 15011 - La Coruña